

PEZA DO MES

outubro


2001



DOLIUM.

SINGULAR RECIPIENTE CERÁMICO USADO NO MUNDO ROMANO PARA ALMACENAXE E TRANSPORTE DE SÓLIDOS E LÍQUIDOS, SOBRE TODO VIÑO *DOLIUM VIANARIUM* E ACEITE *DOLIUM OLEARIUM*, PROCEDENTE DO CONXUNTO ARQUEOLÓGICO- NATURAL DE SANTOMÉ (OURENSE).





RECONSTRUCCIÓN DO SECTOR I.

DOLIUM

Os *dolia* son recipientes de barro de corpo globular, que nalgúns casos chegan a acadar dous metros de alzada, usados normalmente no mundo romano para almacenar produtos agrícolas.

Este que nos ocupa, procedente de Santomé, ten 75 cm. de alto, bordo de sección triangular con rebordo, base plana de reducidas dimensións e dúas asas afrontadas próximas ó bordo, de sección bilobulada ó exterior e plana ó interior. Pasta de color avermellado con abundante desgrasante de cuarzo branco, recuberta ó exterior por unha fina capa de engobe alaranxado, que se mantén principalmente na metade inferior. A miúdo levan tapadeira (*opercula*), que podía ser unha placa de lousa ou calcaria, fabricándose tamén en cerámica.


A fabricación deste tipo de pezas resulta complexa, posto que dado o seu tamaño non se podían levantar a torno, polo que eran construídas no chan, en ambientes cálidos, alzándose pouco a

pouco cada día por medio de churros de barro, tal e como puidemos observar na factura dalgúns fragmentos. Por todo iso estas pezas eran moi apreciadas e custosas, sendo habitual atopar *dolia* con grampas de ferro e chumbo a modo de lañado. Os obradoiros encargados da súa fabricación eran coñecidos como *opus dolire*, nos que tamén se elaboraban materiais de construción como *tegulas*, *imbrices* e *ladrillos (lateres)*. Os selos que levan a miúdo baixo o bordo, poden facer referencia ó propietario do taller *figlinarius*, ó operario que realiza o traballo *figuli*, como a ricos propietarios, produtores ou negociantes, dedicados ó negocio da explotación de produtos envasados.

No tocante a súa capacidade hai unha gran variedade de tamaños, desde os *dolia* de 600 ou 800 *cullei* (odres ou peles de viño), os de 200 *congi* (650 litros), ou os de 100 ou 200 *modii* (900 ou 1800 litros). O *modius*, era unha medida de capacidade usada sobre todo para o trigo, equivalente a 9 litros. Este de Santomé é de menor capacidade, pois segundo calculos matemáticos, posto que dado o seu estado de conservación non se puido demostrar empiricamente,

debe de levar entre 207 e 212 litros, uns 23 *modius*.

Os *dolia* xa eran coñecidos no mundo grego, como pon de manifesto o feito que a Diógenes, filósofo grego representante da escola cínica, se lle represente vivindo nun tonel tipo *dolium*, como se fora a súa casa, motivo polo que estas pezas tamén se coñecen como Barril de Diógenes. Así mesmo nas escavacións de Troya dirixidas por Schileman, atopáronse nunha zona nove *dolia*, calculando que puidera haber máis de seiscentos. No mundo romano, a forma non varia moito, manténdose invariable desde o período republicano ó tardorromano, polo que non é doado datar estas vasillas en función das súas características morfotipolóxicas. O exemplar de Santomé pola súa situación estratigráfica no conxunto, é preciso situalo nunha etapa que vai dende mediados do século III d. C. a comezos do V d. C.



Estas vasillas estaban incluídas entre o equipamento, *ins-*

Eran destinados a usos variados, tanto para a almacenaxe como para o transporte de produtos, sobre todo viño, como demostra a súa aparición en diferentes pecios. Ademais do *dolium vianarium*, se se trataba de viño novo na fermentación, ou *dolium amphorarium*, para viño xa feito e envellecido, tamén se podían gardar trigo, *dolia frumentaria*, aceite, *dolium olearium*, peras e uvas, ou alimentos en salmoira. Tamén se utilizaban para a cría e ceba do leirón, pequeno mamífero roedor da familia dos ratos, cunha carne considerada polos romanos como un manjar, polo que os criaban en cautividade en lugares chamados *Gligaria*. Vitruvio sostén que certos arquitectos na construción dos teatros sacaban bo partido da resonancia dos *dolia*, colocándoos na sala para mellorar a acústica.

É habitual atopalos formando *cella vinaria*, para a almacenaxe de viño, enterrados para evitar o contacto do aire arredor dos toneis, ó tempo que contribúe a manter a estabilidade. Este que nos ocupa, dá a impresión que nunca estivo soterrado, máis ben pola dispersión dos fragmentos parece ser que debía estar situado na esquina da estancia, que lle servía de protección. A ubicación desta estancia, nunha das unidades habitacionais, con acceso independente ó exterior por unha escaleira de pedra, silo de cachotería, e piso de terra apisoada, confirma que esta construción adxectiva funcionaba como almacén en relación coa produción agrícola-gandeira.

Este tipo de vaixela simboliza e pon de manifesto unha nova concepción económica, con novos métodos de explotación agrícola, que son introducidos no NW penínsular coa chegada dos romanos, e que levan parello unha nova ocupación do territorio, con novos tipos de asentamentos que contrastan cos da poboación castrexa prerromana.

BARRIL DE DIÓGENES (DARAMBERG-SAGLIO).

trumenta fundi, necesario para o funcionamento dunha explotación agrícola, formando parte consustancial coa mesma no apartado de *instrumenta conservandi*, xunto cos toneis, *cupae*.

HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Aberto de martes a domingo de 9:30h a 14:30h e 16:00h a 21:30h.
Os domingos só de 9:30 h. a 14:30 h.

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Isabel Peralta Bejarano e Xulio Rodríguez González.
RESTAURACIÓN: X.Luis Méndez Fernández. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: J.Carlos García España.
DEBUXO: Paco Boluda. FOTOGRAFIA: Fernando del Río. MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G.
Vicis, S.A.L. DEPÓSITO LEGAL: VG-896-2001



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO


Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99
Galicia



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE





INTERVENCIONS DE RESTAURACION SOBRE O DOLIUM.

X. Luis Méndez Fernández
restaurador de material arqueolóxico

O *dolium* de Santomé sufriu, na súa restauración, diferentes fases de intervención, desde o seu descubrimento na campaña de escavación de 1986 ata a actualidade. A historia destas actuacións ilustra a evolución, nos últimos anos, dos conceptos e criterios dos tratamentos de postescavación e restauración.

Os 199 anacos que conforman o gran vaso cerámico amosaban diferentes estados, no intre de chegar ó laboratorio de restauración do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense: a maior parte sustentaba superficialmente concrecións de terra de diferente grosor; xunto a isto, algúns fragmentos viñan lavados con auga



ASPECTO QUE AMOSABA O *DOLIUM* ANTES DE INICIAR AS INTERVENCIONS DE RESTAURACION

corrente e cepillados, proceso no que puido desaparecer parte do engobe vermello que cobre a pasta cerámica.

Un intento de restitución formal de diferentes áreas da vasilla levou a unir os anacos con xenerosas cantidades de adhesivo nitrocelulósico e cianoacrilato (manchando as paredes cerámicas con gotas e restos de pegamento); unhas veces mesturados con area, outras con cola de carpinteiro e area, constituíndo unha pasta rosa; e nalgúns zonas cubríronse as xuntas de fractura ou as gretas con xeso. Todo iso co fin de reforzar as unións, dado o gran peso da pasta cerámica.

Nos anos 1989-1990 iniciáronse as tarefas de restauración sobre o *dolium*, co obxecto de eliminar as pouco axeitadas intervencións anteriores. Daquela, lavouse a peza con auga corrente mesturada con deterxente e hexametáfosfato sódico, para axudar a liberar as concrecións de terra; procedeuse logo a efectuar

sucesivos baños en auga desionizada, eliminándose así os sales (cloruros) que contiña a pasta cerámica e que, nalgúns puntos, chegaran a rompela. Deste xeito brandeouse tamén o xeso de reforzo das xuntas, desaparecendo con repetidos cepillados.

Despegáronse igualmente tódolos anacos por inmersión en acetona ou tolueno: este inchaba e debilitaba o cianoacrilato e a cola de carpinteiro, que logo houbo que retirar con cepillos, agullas citolóxicas e lancetas.

Tras un posterior secado da cerámica en estufa de ar forzado a 80 e 120 °C, procedeuse a consolidar a pasta e o engobe nunha disolución de resina acrílica ó 8% en acetona; deste xeito, ofrecíase unha cohesión á materia e unha protección fronte ás condicións ambientais.

A última intervención que se executou nesta fase foi a adhesión dos anacos e o intento de reconstrución formal do vaso: a unión, primeiro dos fragmentos e posteriormente dos conxuntos grandes, realizouse por apli-



PARTE BAIXA DA PEZA CON RESTOS DE TERRA E ADHESIVOS.

cación de puntos dun adhesivo epoxídico (Araldit rápido dos compoñentes) nos bordos de fractura, axudándose de plastilina para apoiar os anacos durante o desecado. Erguéronse así a base e o arrinque do galbo, por unha banda, e, por outra, a boca e a parte superior do corpo.

Unha vez unidos tódolos anacos que se podía, comprobouse que faltaban diversas partes da peza necesarias para soste o conxunto: con cera de dentista sacáronse moldes dos perfís e trasladáronse logo ós ocos, que se reenchían con resina epoxídica imitando a superficie orixinal da cerámica. Unha enorme lagoa, que arrinca da base e chega ata a parte superior do galbo, levantouse cunha gran lámina delgada de adhesivo epoxídico (que adopta a curvatura do galbo), recuberta nas súas paredes exterior e interior coa mesma resina. Adoptouse esta solución máterica e formal,

seguramente pensando que o enorme peso dos fragmentos orixinais non resistirían outro tipo de adhesivo ou reintegración.

Por diversas circunstancias, a intervención sobre o *dolium* non se retomaría ata o ano 1998: daquela, comprobouse que a restitución formal iniciada en 1990 non se puido completar, porque a deformación sufrida polo gran vaso (no propio intre de utilización e ó longo dos centos de anos que permaneceu enterrado) e as pequenas descompensacións de montaxe impedían encaixar as dúas grandes partes antes reconstruídas. Ademais, restaban varios anacos sen unir ó conxunto.

Polo tanto, optouse por realizar, en primeiro lugar, unha necesaria limpeza:

- a gran cantidade de po, acumulada ó longo dos anos de abandono da peza, retirouse mecanicamente con brochas, aspirador e cepillos;



RECONSTRUCCIÓN FORMAL DA BASE DO *DOLIUM*.

- limpáronse os restos de vaselina, plastilina e cera de dentista, deixados pola reconstrución, con lanceta, eliminando o posterior residuo graxo con disolventes;


- ós excesos de adhesivo e resina epoxídicas, usados na anterior reintegración (incluídos os presentes en fragmentos que se despegaron por exceso de peso ou por fatiga do pegamento), aplicóuselles un lapis de ar, a 40 °C e baixa potencia, ata brandecelos e erguelos con axuda dunha lanceta.

Un dos fragmentos amosaba a sigla de escavación e unha cor distinta ó resto: na súa observación baixo a lupa binocular, comprobouse que estaba sen ningún tratamento, polo que cumpriu retirarlle a sigla con disolvente; lavallo e desalgalo, a un tempo, en baños sucesivos de auga desionizada, ata retirar os clo-

ruros; secalo en estufa e consolidalo, ó igual que se fixera co resto do vaso na etapa anterior.

Tras protexer os bordos de fractura dos anacos soltos cunha resina acrílica disolta en acetona ó 15%, fóronse adherindo cun adhesivo acrílico, ata constituír grandes conxuntos.

Á hora de encaixar estes últimos na estrutura herdada, resultou imposible, posto que (xunto ás deformacións arriba sinaladas) a gran lagoa reintegrada amosaba unha curvatura diferente á do orixinal. O que nos levou a ter que eliminar parte da anterior reintegración para adaptar os fragmentos e reconstruír novamente a materia que falta: nesta ocasión, decidiuse rodear o vaso cunha estrutura de madeira que adoptaba o perfil coñecido do *dolium*, guiaba a adhesión dos anacos e permitía erguer a parede ausente con resina epoxídica. A zona da boca, que permanecía coa intervención do ano 1990, tampouco puido adherirse ó conxunto por amosar unha curvatura diferente. De acordo co equipo de conservadores, que requirían a reconstrución desta área do vaso polo seu interese histórico e divulgativo, optouse por des-



ESTRUTURA EN MADEIRA UTILIZADA PARA A MONTAXE DO CORPO.

montar a anterior restauración e volver a unir a boca sobre o reconstruído nesta última fase.

Para iso houbo que despegar, con lapis de calor, os anacos precisos, e adherilos de novo ata lograr rematar a estrutura no seu conxunto, non sen antes reenchear con resina aquelas lagoas que eran necesarias para axudar a apoiar algúns fragmentos.

Toda a resina de reintegración utilizada (incluída a das xuntas de unión entre fragmentos, decisión respectada da anterior intervención) foi tinxada con terras naturais e logo lixada, para entoar o material e, ó tempo, evidenciarlo respecto do orixinal.

Por último, indicar a participación, nas diferentes fases de intervención, dos restauradores Sabine Sanders e Carmelo Fernández Ibáñez.